




MANUAL DE
IDENTIDADE
CORPORATIVA

CONCELLO DE
VIMIANZO



“no cume dun castro un bulto redondo
de almeas, e teitos de verde vestidos...”

“Non houbo en Galicia máis vello castelo;
todos son ruínas, niños de lagartos,
con eles e os donos locen carantoñas
propias deste antroido, tan alleo e largo.
Por que ti resistes, e firme cal foche,
nin cedes, nin cambias do fronte dos fados,
nin o sangue perdiche dos teus fundadores,
e temos do ceo firmísimo amparo?
Saber? Dio-lo sabe; tal vez mereceuno
unha historia limpa que aínda vai pasando...”

(EVARISTO MARTELO,
Landras e baías, 1917.)

0. Introducción

Introdución

O principal obxectivo deste manual é normalizar os elementos de comunicación municipal e sentar as bases gráficas para que a aparencia dos seus materiais informativos e publicitarios, uniformes, papelería, etc... poidan difundir unha imaxe unitaria e coherente que transmita eficacia e organización.

O estudo da nova marca tivo como punto de partida o emblema do concello, o castelo de Vimianzo, que tamén preside o escudo heráldico utilizado até o momento. Nel existen, ademais, outros motivos dos que se prescindiron nesta nova marca co fin de simplificalo para adquirir maior sinxeleza e modernidade. Escolleuse, para o novo símbolo, realizar un esquema trazado cunha soa liña da torre máis senlleira da fortaleza soneirá: a torre de homenaxe.

A importancia histórica deste monumento na comarca é indiscutible, pois foi centro de goberno da xurisdición de Vimianzo desde finais da Idade Media até 1836. Cen anos máis tarde, o castelo estivo a piques de se converter na Casa Consistorial trala expropiación levada a cabo polo goberno municipal en xuño de 1936.

Alén diso, a marca incorpora un novo elemento: a identidade cromática. A cor elixida é unha mistura entre verde e marrón. Verde, cor de futuro, que inunda as paisaxes vimiancesas. Ao mesmo tempo, inclúese o marrón, cor do pasado e da historia.


Síntese entre pasado e futuro, unindo historia e economía: o castelo como motor do propio concello.

Todo aquilo non definido neste manual realizarase respectando os criterios xerais e estilo marcados por este.

0

Introdución

1. Elementos básicos de identidade



1.1.

O símbolo

Elementos básicos de identidade

O símbolo representa graficamente ao Concello de Vimianzo.

O símbolo corporativo amosa a parte máis emblemática do castelo soneirán: a torre de homenaxe, xusto na súa entrada. Torre de benvida, que saúda a quen se achega ao seu interior. Trátase da parte máis identificativa, e malia que se simplificou en formas, garda certos aspectos que fan inconfundible a súa figura: os merlóns pentagonais e a ventá seteira da súa vista exterior.

A imaxe está deseñada cunha soa liña, un trazo que se fixo a man, coa intención de ofrecer dinamismo e frescura. Ademais, ao non pechar a torre e quedar por un dos seus lados aberta a imaxe, rompe a sensación de fortaleza e en cambio amosa a apertura que un Concello debe ofrecer aos seus veciños.

A simplificación da imaxe fai máis doado o recoñecemento visual do identificador, co cal será unha marca moito máis fácil de lembrar.

O símbolo corporativo é de uso exclusivo do Concello de Vimianzo e débese utilizar sempre acompañado do logotipo, agás nos casos expresamente especificados neste manual.

Utilizarse en todos os soportes de comunicación como papelería, publicacións, sinalizacións, anuncios institucionais e promocionais, etc.

CONCELLO DE VIMIANZO

Manual de identidade corporativa

CONCELLO DE VIMIANZO

1.2.

O logotipo

Elementos básicos de identidade

A tipografía utilizada é a Myriad Pro. Sempre se usará en caixa alta.

Myriad Pro é a versión "OpenType" da familia da fonte Myriad, deseñada no 2002 por Robert Slimbach e Carol Twombly para os sistemas Adobe. Trátase dunha tipografía contemporánea de liñas sinxelas que ofrecen seriedade e modernidade, ao mesmo tempo.

Destacouse a palabra VIMIANZO do conxunto do logotipo, por ser a parte máis importante do mesmo. Esta tipografía só se utilizará nos títulos de áreas, departamentos, concellarías e denominación do Concello. Para todos os demais textos especificaranse outras tipografías.

O logotipo corporativo débese utilizar sempre acompañado do símbolo corporativo.



1.3.

A marca

Elementos básicos de identidade

A marca é a unión entre o símbolo e o logotipo. O símbolo e o logotipo constitúen o conxunto básico da identidade corporativa, a marca do Concello de Vimianzo, conformando un todo harmónico e coherente.


Existen dúas combinacións diferentes do imagotipo con funcións distintas: as dúas co logotipo inserido na imaxe cara a dereita.

O primeiro é a marca estándar, a que se usará preferentemente cando teña que ir soamente o nome do concello.

O segundo utilizarase cando se precisa engadirle lendas ao logotipo, como o nome dalgunha concellaría ou departamento. É unha marca opcional.

CONCELLO DE VIMIANZO

Manual de identidade corporativa




CONCELLO DE
VIMIANZO

1.4.

O símbolo e o logotipo sobre retícula
Elementos básicos de identidade

Colocamos a marca, o símbolo e o logotipo sobre retícula para apreciar mellor as proporcións e como referencia para a reprodución da mesma en tamaños grandes como valados, paredes, etc. Tamén vemos a relación entre símbolo e logotipo para a formación da marca coas liñas guía.



Tinta plana:
Pantone 385C

Cuadricromía:
Cian 50%
Maxenta 41%
Amarela 100%
Negra 19

Vídeo:
R (Vermella) 123
G (Verde) 117
B (Azul) 25

Web:
#7b7519

1.5.

A cor

Elementos básicos de identidade

A cor corporativa é unha mistura entre verde e marrón, cor da paisaxe e da historia. Tradúcese aquí nos perfís de cor estándar: en RGB, Pantone, cuadricromía e para web.



1.6.

A marca en cor e negativo

Elementos básicos de identidade

A marca en cor pode ir en positivo ou en negativo. Cando se utilice en positivo sobre un fondo distinto ao branco, hai que prestar atención para que a cor de fondo sexa clara abondo para que se vexa ben o deseño. Se fora demasiado escuro, colocarse sobre unha reserva de branco ou, se o fondo o permite, en negativo.

Cando a marca vaia en negativo, o símbolo e o logotipo irán sempre en branco.



1.7.

A marca en negro e negativo Elementos básicos de identidade

A marca en negro pode ir tanto en positivo como en negativo indiferentemente. Utilizárase en impresións nunha soa tinta e nunca se deben empregar escalas de grises.

Cando a marca vaia en negativo, o símbolo e o logotipo irán sempre en branco.



1.8.

Colocación de lendas

Elementos básicos de identidade

A colocación da lenda debaixo do logotipo débese facer respectando unha serie de normas.

Non se debe poñer a tipografía da lenda máis grande cá do logotipo, e esta debe ir en Myriad Pro.

O interliñado, en caso de ir en dúas liñas, debe ser igual ao tamaño do texto.

A separación entre a lenda e o logotipo debe ser un pouco maior.


A partición da lenda, en caso de ir en varias liñas, debe ser de palabras enteiras, non debe haber palabras partidas.

A lenda debe ir na mesma cor có logotipo (verde ou negro).


A colocación de lendas só se realizará se o tamaño de visualización permite apreciar este texto.

CONCELLO DE VIMIANZO

Manual de identidade corporativa




CONCELLO DE VIMIANZO





CONCELLO DE VIMIANZO

CONCELLO DE
VIMIANZO




CONCELLO DE
VIMIANZO



CONCELLO DE VIMIANZO

CONCELLO DE VIMIANZO



CONCELLO DE
VIMIANZO



CONCELLO DE
VIMIANZO

1.9.

Usos incorrectos

Elementos básicos de identidade

Estes son algúns dos exemplos de usos incorrectos da marca, como a aliñación do logotipo en horizontal, a utilización de cores distintas (verde e negro) na mesma marca, distribución de xeito oblicuo ou vertical do logotipo, cambio de cor da marca...

MYRIAD PRO
abcdefghijklmnopño
pqrstuvwxyz
ABCDEFGHIJKLMNÑO
PQRSTUVWXYZ
1234567890€&()*?;!i@

1.10.

Tipografía corporativa
Elementos básicos de identidade

Seleccionamos da familia tipográfica "Myriad" a "Myriad Pro" para o logotipo e o nome das concellarías ou outros organismos oficiais. Esta tipografía non se debe utilizar para outros usos fóra do conxunto da marca como slogans, títulos, etc.

HELVETICA

abcdefghijklmnopqrstuvwxy
ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
1234567890€&()*?;!;@

ARIAL REGULAR

abcdefghijklmnopqrstuvwxy
ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
1234567890€&()*?;!;@

SEGOE UI

abcdefghijklmnopqrstuvwxy
ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
1234567890€&()*?;!;@

TREBUCHET REGULAR

abcdefghijklmnopqrstuvwxy
ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
1234567890€&()*?;!;@

VERDANA REGULAR

abcdefghijklmnopqrstuvwxy
ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
1234567890€&()*?;!;@

1.11.

Tipografías complementarias Elementos básicos de identidade

As tipografías complementarias usaranse para o resto de textos que poidan levar impresos do Concello (papelería, publicacións, comunicados, etc.) Soamente se utilizarán con esa finalidade e baixo ningún concepto para realizar a construción da imaxe visual do Concello.

As tipografías aceptadas poderanse utilizar cada unha delas con todos os seus estilos (normal, cursiva, grosa, grosa cursiva).

Helvética
Arial Regular
Segoe UI
Trebuchet Regular
Verdana Regular



1.12.

Utilización do escudo heráldico

Elementos básicos de identidade

O escudo heráldico seguirase a utilizar:

- Na bandeira do Concello.
- No emblema da Policía Local, que mantén o escudo xunto coa estrela posterior das policía locais.
- En actos de gran relevancia institucional e protocolaria.



1.13.

Utilización da nova marca

Elementos básicos de identidade


A nova marca utilizarase:

- Nos documentos e publicacións impresas editadas polo Concello, e nos paneis informativos municipais.
- Nos selos de cuño municipais, que deben utilizar todas as Unidades e Servizos Municipais, e nas placas e distintivos representativos de calquera actividade municipal.
- Nos Emblemas, Medallas ou Diplomas oficiais.
- Nos frontispicios dos edificios ou establecementos municipais.
- Nos recintos nos que se celebre algún acto público organizado polo Concello.
- Nos elementos ornamentais, indicativos, informativos e similares situados en vías públicas ou espazos públicos municipais, implantados polo Concello ou polas empresas concesionarias dos correspondentes Servizos Municipais.
- Xunto aos anagramas ou logotipos dos Órganos autónomos ou Empresas Municipais.
- Nas roupas do persoal municipal uniformado, distintos á Policía Local.
- Nos vehículos do Concello afectos aos Servizos Municipais, agás expresa excepción no contrario, por razón de interese municipal.
- Nos vehículos dos concesionarios de Servizos Municipais afectos a eles, agás que o Concello decida o contrario.
- Naqueles outros supostos en que exista interese directo municipal como partícipe dalgunha actividade extramunicipal, en concepto de patrocinador ou colaborador.
- En todos aqueles casos non previstos nas liñas anteriores que sexan do ámbito da actividade municipal.

CONCELLO DE VIMIANZO

Manual de identidade corporativa

2. Papelería



2.1. Modelo de carta


Papelaría

Carta xeral + nivel emisor
Formato:
A4 (210 x 297 mm)

Nivel emisor:
Trebuchet 11 pts.
Aliñación dereita
Interliñado en 1

Composición mecanográfica:
Pódese utilizar calquera das familias tipográficas recomendadas anteriormente e recoméndase que o tamaño da letra non sexa superior aos 12 puntos. O conxunto da carta seguirá unha aliñación xustificada e a separación entre parágrafos débese marcar cunha liña en branco. As marxes esquerda e dereita son iguais, de 1,95 cm, aliñadas co imagotipo e coa liña á dereita do nivel emisor.

Pé de páxina:
Trebuchet 7 pts.
Aliñación esquerda (1º bloque), centrada (2º e 3º b.), dereita (4ºb.)



2.2.

Modelo de carta (sobre con fiestra)

Papelaría

Carta xeral para sobres con fiestra + Nivel emisor

Formato:

A4 (210 x 297 mm)

Nivel emisor:

Trebuchet 11 pts.

Aliñación dereita

Interliñado en 1

Destinatario:

Arial 12 pts.

Aliñación esquerda

Composición mecanográfica:

A composición mecanográfica será a mesma para as cartas en xeral.

Pé de páxina:

Trebuchet 7 pts.

Aliñación esquerda (1º bloque), centrada (2º e 3º b.), dereita (4ºb.)



2.3.

Bando Papelería

Formato:
A4 (210 x 297 mm)

BANDO:
Trebuchet 72 ptos. en negraña
Aliñación centrada no cadro

Composición mecanográfica:
Pódese utilizar calquera das familias tipográficas recomendadas anteriormente e recoméndase que o tamaño da letra non sexa superior aos 12 puntos. O conxunto do bando seguirá unha aliñación xustificada e a separación entre parágrafos débese marcar cunha liña en branco. As marxe esquerda é de 3,3cm e a dereita é de 2 cm.

Pé de páxina:
Trebuchet 7 ptos.
Aliñación esquerda (1º bloque), centrada (2º e 3º b.),
dereita (4ºb.)
Mesmas medidas ca nos documentos anteriores.



Completa programación de outono para o Auditorio vimiancés

- As actuacións celébranse durante as tardes dos domingos.
- “Agardando a Godot” de Teatro do Cantábrico abrirá a programación.

15/09/2015. Lorem ipsum ad his scripta blandit partiendo, eum fastidii accumsan euripidis in, eum liber hendrerit an. Qui ut wisi vocibus suscipiantur, quo dicit ridens inciderint id. Quo mundi lobortis reformidans eu, legimus senserit definiebas an eos.

Eu sit tincidunt incorrupte definitionem, vis mutat affert percipit cu, eirmod consectetuer signiferumque eu per. In usu latine equidem dolores. Quo no falli viris intellegam, ut fugit veritus placerat per. Ius id vidit volumus mandamus, vide veritus democritum te nec, ei eos debet libris consulatu.

No mei ferri graeco dicunt, ad cum veri accommodare. Sed at malis omnesque delicata, usu et iusto zzril meliore. Dicunt maiorum eloquentiam cum cu, sit summo dolor essent te. Ne quodsi nusquam legendos has, ea dicit voluptua eloquentiam pro, ad sit quas qualisque. Eos vocibus deserunt quaestio ei. Blandit incorrupte quaerendum in quo, nibh impedit id vis, vel no nullam semper audiam.

Ei populo graeci consulatu mei, has ea stet modus phaedrum. Inani oblique ne has, duo et veritus detraxit. Tota ludus oratio ea mel, offendit persequeris ei vim. Eos dicat oratio partem ut, id cum ignota senserit intellegat. Sit inani ubique graecis ad, quando graecis liberavisse et cum, dicit option eruditi at duo. Homero salutatus suscipiantur eum id, tamquam voluptaria expetendis ad sed, nobis feugiat similique usu ex. Eum hinc argumentum te, no sit percipit adversarium, ne qui feugiat persecuti.

2.4. Nota de prensa Papelería

Formato:
A4 (210 x 297 mm)
Nivel emisor (gabinete):
Trebuchet 11 ptos.
Aliñación dereita
Interliñado en 1

Composición mecanográfica:
Utilizarase a tipografía Arial en toda a noticia.

Titular: en negriña e 24 ptos.
Sumario: regular e 12 ptos. (Os destacados van separados por puntos enumerativos)
Corpo: regular e 12 ptos.

O conxunto da nota seguirá unha aliñación xustificada e a separación entre parágrafos débese marcar cunha liña en branco.
As marxes esquerda e dereita son iguais, de 1,95 cm, aliñadas co imagotipo e coa liña á dereita do nivel emisor.

Pé de páxina:
Trebuchet 7 ptos.
Aliñación esquerda (1º bloque), centrada (2º e 3º b.), dereita (4ºb.)



Nome Apellido Apellido
CARGO

626262626
correo@vimianzo.gal

Praza do Concello, nº6
15129 Vimianzo (A Coruña)

2.5.

Cartón de visita


Papelaría

Formato:
90 x 60 mm

Nome e cargo:
Trebuchet Ms Bold
11 ptos.
Aliñación centrada

Información:
Trebuchet Ms Regular
6 ptos.

CONCELLO DE VIMIANZO
Manual de identidade corporativa



2.6.

Sobre americano (con e sen fiestra) Papelería

Formato:
Americano (DL)
(220 x 110 mm)

Lapela
Enderezo:
Trebuchet
Regular 11 pts.
Aliñación centrado na parte dereita.

Frontal
Imagotipo do Concello na parte esquerda.

CONCELLO DE VIMIANZO
Manual de identidade corporativa


2.7. Sobre ministro Papelería

Formato:
Comercial ou ministro
(176 x 120 mm)

Lapela
Enderezo:
Trebuchet
Regular 11 pto.
Aliñación centrado na parte dereita.

Frontal
Imagotipo do Concello na parte esquerda.





2.8. Sobre-Bolsa Papelería

Formato:
Sobre-Bolsa
(260 x 360 mm)

Lapela
Enderezo:
Trebuchet
Regular 11 ptos.
Aliñación centrado

Frontal
Imagotipo do Concello na parte inferior esquerda.



2.9.

Carpeta

Papelaría

Formato:

235 x 320 mm (fechada)

Traseira

Enderezo:

Trebuchet Ms

Regular 18 pts.

Aliñación centrada

www.vimianzo.es

Trebuchet Ms

Regular 24 pts.

Aliñación centrada

CONCELLO DE VIMIANZO

Manual de identidade corporativa



Manuel Rial Santos